

O Mar
no
Camión

GUÍA DIDÁCTICA Nº 2

A Vía Láctea



FUNDAMAR

Fundación para la Pesca y el Marisqueo



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA



INTRODUCCIÓN

“O Mar no Camiño” é un proxecto de FUNDAMAR que ten por obxectivo o desenvolvemento de obradoiros de difusión da cultura mariñeira, en centros educativos, ao longo do Camiño de Santiago, e que conta co apoio da Xunta de Galicia dentro do programa O teu Xacobeo.

Os destinatarios/as dos obradoiros son alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria de centros educativos; e as actividades, de carácter pedagóxico artístico e inclusivo, están dirixidas coa colaboración de MIMADRIÑA, educadora social, recoñecida polos seus traballos de artesanía en origami.

En cada obradoiro primeiro realizase unha breve presentación do proxecto (obxectivos, duración..), e despois contase o conto das aventuras de Migueliña, a vieira, Laura, a xarda, Antón, a nécora, e Roberto, o polbo, no seu camiño a Santiago.

Como resultado, e apoiándose nos materiais elaborados para os colexios, realízase unha obra conxunta que representará unha das escenas do relato.



OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO

- ✓ Difusión da cultura mariñeira galega e identificación dos elementos e iconos que a conforman: as especies máis representativas (a xarda, a nécora, o polbo e a vieira), os faros, os buques pesqueiros, o marisqueo, salvamento marítimo, o furtivismo, a contaminación mariña e o papel da muller no mundo do mar.
- ✓ Difusión do Camiño de Santiago, identificación dos valores, elementos e símbolos icónicos do camiño: a peregrinaxe, os diferentes camiños, a vieira, a vía láctea, a credencial, a compostelana, a amizade e os lugares do camiño: Padrón, Santiago de Compostela e Fisterra.
- ✓ Uso e fomento da Lingua Galega.
- ✓ Favorecer as actividades plásticas e achegar o mundo da artesanía galega ó alumnado.
- ✓ Favorecer actividades educativas e lúdicas co obxectivo de elaborar un obra conxunta que amose o proceso e sexa ferramenta educativa útil para mestres/as e pedagogos/as.
- ✓ Fomentar a participación social, no presente e no futuro, para acadar un mundo mellor, máis xusto para todos e todas.

OBXECTIVOS E CONTIDOS ESPECÍFICOS DA SESIÓN

Ademais dos obxectivos xerais do proxecto “O Mar no Camiño”, cada sesión está plantexada para difundir uns contidos propiamente desenvolvemento unha acción plástica diferente. Estes son obxectivos e contidos específicos:

- ✓ Identificación das personaxes do conto.
- ✓ Que é a vía láctea? Que importancia ten dentro do Camiño de Santiago.
- ✓ Difundir que é a papiroflexia e o origami. As súas bondades para a psicomotricidade, a creatividade e a sustentabilidade.
- ✓ Realización de un faroliño de origami co obxectivo de realizar unha obra conxunta con todos eles.
- ✓ Montaxe dun cadro da Vía láctea co conxunto de farolillos e unhas luces led.





A. PRESENTACIÓN DO OBRADOIRO

- ✓ Que é “O Mar no Camiño”?
- ✓ Que é FUNDAMAR?
- ✓ Quen e como se vai desenvolver a sesión?



B. RELATO DO CONTO “O MAR NO CAMIÑO”.

Relato do conto, prestando especial atención á personaxe protagonista, a vieira Migueliña: o estado anímico no que se atopa o principio do conto, as súas amizades e a súa evolución ao longo do conto.

Identificación dos valores que representan cada un dos personaxes:

- ✓ Antón, a nécora: a bondade, a súa amizade coa protagonista e a súa implicación axudar a unha amiga.
- ✓ Laura, a xarda: o seu optimismo, a vitalidade e fortaleza.
- ✓ Roberto, o polbo: a sabedoría, a diversidade sensorial, a lingua de signos.
- ✓ Migueliña, a vieira: a tristeza, a ilusión, a vontade.



Identificación dos símbolos do camiño de Santiago presentes na historia:

- ✓ Peregrinaxe e os peregrinos: o valor da experiencia, a multiculturalidade.
- ✓ Vieira: a súa presenza nocódice calixtino, símbolo do camiño e as diferentes rutas, una por cada unha das estelas amarelas, símbolo de chegar a Santiago.
- ✓ Vía láctea: a constelación de estrelas que guían a peregrinos e xentes do mar.
- ✓ Lugares icónicos: Padrón, Santiago de Compostela e Fisterra.

Identificación de elementos que forman parte da cultura do mar:

- ✓ As especies máis representativas; xarda, polbo, nécora e vieira.
- ✓ Os barcos: a frota pesqueira, os distintos tipos de barcos.
- ✓ A muller no mar: o seu papel en aumento nos mandos superiores.
- ✓ Os faros: guías no mundo do mar.
- ✓ Salvamento marítimo: a súa labor para coidar o sector en caso de emerxencia.
- ✓ O furtivismo: o mal do mar, non respectan nin tallas, nin os procesos de cultivo.
- ✓ O marisqueo: unha das actividades principais do noso sector.
- ✓ A contaminación mariña: os residuos que botamos ao mar.





C. EXECUCIÓN DA PROPOSTA PLÁSTICA: A PAPIROFLEXIA. A VÍA LÁCTEA.

A actividade consiste na elaboración de farol/cubo inchable de origami, onde cada alumno/a elaborará un seguindo a demostración da educadora para posteriormente montalos nas luces de led.

Co conxunto de todos os faroliños procederase a súa montaxe xunto coas luces de led, imitando o debuxo da Vía Láctea.


Cando traballamos a técnica da papiroflexia ou origami, durante o proceso é moi recomendable facer os pasos un a un, que sexan visibles para o conxunto do alumnado e con posterioridade executalos en conxunto á vez, o proceso require de destreza pero sobre todo de paciencia.

Aproveitaremos tamén este tempo para introducir ao alumnado nos beneficios da papiroflexia:

- ✓ Incentiva a imaxinación. Poténciase a capacidade de visualizar e imaxinar.
- ✓ Desenvolve a destreza manual e a coordinación das mans cos ollos. Para crear unha figura perfecta hai que realizar os pregues con coidado e precisión. Por iso mesmo, tamén mellora a atención.
- ✓ Desenvolve a paciencia e a constancia. O neno aprende que é posible necesitar varios intentos antes de que a figura de origami salga ben. Conseguirá aprender dos erros, algo que lle vai a ser moi útil.
- ✓ Mellora a memoria, xa que levará a conta de que pregues fixo e cales son os que deberá facer a continuación.
- ✓ Desenvolve a concentración visual e mental, ao estar centrado en conseguir a figura de origami.
- ✓ Axuda a comprender conceptos espaciais, como diante, detrás, arriba ou abaixo.
- ✓ Reforza a autoestima.

*Ver video da execución da peza





D. MATERIAIS NECESARIOS

Papeis de cores de distintos tamaños cadrados

Tesoiras

Luces led

Lenzo para montaje da
Luz e os farolillos









